

Comunícase a seguinte corrección de erros nas bases do Concurso de Vídeo Móvete do Instituto da Lingua Galega. No apartado **4. Modalidades de participación e requisitos das persoas participantes,**

- Onde di: Na participación individual, a persoa participante deberá estar matriculada en 3º ou 4º da ESO ou en 1º e 2º de Bacharelato en calquera centro de Galicia ou dos territorios de fala galega. Na segunda modalidade, de grupo, pode participar o alumnado dunha clase de calquera dos cursos citados, baixo a dirección ou o asesoramento dun / dunha docente, que será o responsable do proxecto e a persoa de contacto.

- Debe dicir: Na participación individual, a persoa participante deberá estar matriculada en 3º ou 4º da ESO, en 1º e 2º de Bacharelato **ou ben nun ciclo de FP Básica ou de Grao medio** en calquera centro de Galicia ou dos territorios de fala galega. Na segunda modalidade, de grupo, pode participar o alumnado dunha clase de calquera **dos cursos e ciclos citados**, baixo a dirección ou o asesoramento dun / dunha docente, que será o responsable do proxecto e a persoa de contacto.